



FORMACIÓN
PROFESIONAL



ESPAZOS DE
TECNOLOGÍA APLICADA
NA FORMACIÓN PROFESIONAL



XUNTA
DE GALICIA

ÍNDICE

Espazos de tecnoloxía aplicada na Formación Profesional	3
Contexto	4
Os novos espazos de tecnoloxía aplicada 2024-2025	12
Datos globais	51

ESPAZOS DE **TECNOLOXÍA APLICADA** NA FORMACIÓN PROFESIONAL

Este programa ten como obxectivo **converter aulas tradicionais de FP en espazos de tecnoloxía aplicada que simulen as contornas laborais**, nas que se poidan empregar metodoloxías baseadas en proxectos ou retos próximos a cada sector produtivo, incorporando recursos baseados en tecnoloxías dixitais tales como simuladores ou xemelgos dixitais.

Esta actuación enmárcase na colaboración entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e o Ministerio de Educación, Formación Profesional y Deporte no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia – Financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU.

Cada espazo de tecnoloxía recibe un importe de **55.000 €** para a execución do proxecto.



CONTEXTO

A **Estratexia de Formación Profesional Galicia 2030** ten como un dos seus principios inspiradores a colaboración público-privada, destacando dentro dos seus eixos a **innovación**, a **dixitalización**, e o **emprendemento**, e establecendo obxectivos claros como son o impulso da innovación aplicada na Formación Profesional, o desenvolvemento de iniciativas de emprendemento en colaboración co tecido produtivo galego e o apoio ás iniciativas emprendedoras nos centros de Formación Profesional.

O **Plan Innova FP Galicia** contempla unha serie de actuacións destinadas a impulsar a innovación, a investigación aplicada e o emprendemento na Formación Profesional galega. Un dos seus aspectos clave é o fortalecemento da colaboración co tecido produtivo galego co obxectivo de fomentar a innovación e o emprendemento industrial na Formación Profesional.

Actualmente contamos con 42 espazos de tecnoloxía aplicada existentes na nosa comunidade, **36 atópanse en centros integrados de formación profesional**, xa que estes centros son os que actúan como punta de lanza dos programas de innovación desenvolvidos desde a Consellería.

A modo de **exemplo** preséntanse a continuación algúns dos espazos de tecnoloxía aplicada desenvolvidos en convocatorias anteriores:



CIFP LEIXA (FERROL)

DentaLeixa 4.0

 Sanidade

O espazo de tecnoloxía aplicada DentaLeixa 4.0 é unha aula de última xeración para a formación do alumnado do CS Hixiene Bucodental. Equipado cos recursos tecnolóxicos máis avanzados, **simula unha clínica odontolóxica moderna**, permitindo ao alumnado adestrarse con **simuladores virtuais, cámaras intraorais, escáneres, sondas dixitais, dispositivos de eliminación de placa e dixitalizadores de radiografías**. Este espazo garante unha preparación óptima para un sector cada vez máis esixente.





CIFP POLITÉCNICO DE LUGO

Aula 4.0



Electricidade e electrónica

Trátase dun espazo pensado para facilitar a formación do alumnado en aspectos da Industria 4.0, **simulando as contornas laborais a través de recursos didácticos reais e virtuais, software de simulación e xeración de xemelgos dixitais**. Permite traballar nas principais áreas tecnolóxicas da dixitalización da industria, centrándose principalmente en **robótica colaborativa, realidade aumentada (RA) e realidade virtual (RV), simulación e xemelgos dixitais, fabricación aditiva e ciberseguridade TO - Industrial IoT (IIoT) - Plataformas Cloud IoT**.





CIFP PORTOVELLO (OURENSE)

eCommerce B2C

Comercio e márketing

O espazo de tecnoloxía aplicada eCommerce B2C ofrece unha formación práctica real no sector comercial. Equipado con **tecnoloxía avanzada**, **permite ao alumnado traballar en todos os eidos comerciais, desde a xestión do produto ata a venda online**. Conta con **áreas específicas para fotografía de produto e impresión 3D, creación de páxinas web, xestión comercial, tecnoloxía aplicada á xestión de almacén e xestión interna da aula**. Este espazo formativo proporciona as ferramentas necesarias para preparar ao alumnado para unha carreira exitosa no sector comercial mediante a innovación e o emprendemento.



**CIFP AUDIOVISUAL DE VIGO****O alpendre virtual da EAV****Imaxe e son**

Espazo de tecnoloxía aplicada que proporciona un **entorno práctico e innovador**, preparando ao alumnado para os retos do mercado laboral actual **no sector audiovisual**. Equipado cun **sistema de produción accesible, o espazo integra cámaras, sistemas de proxección, iluminación LED e tecnoloxía de croma para crear contidos audiovisuais de alta calidade**. Ademais, conta cun sistema de inxesta e distribución de contidos que facilita o traballo colaborativo e en remoto entre as distintas aulas do centro.

**CIFP AS MERCEDES (LUGO)****Aula tecnolóxica Guía 4.0****Enerxía e auga**

Este espazo **combina realidade virtual, aumentada, robótica, ciberseguridade e outras tecnoloxías disruptivas** para mellorar a formación do alumnado das familias profesionais de Enerxía e auga, Instalación e mantemento, e Transporte e mantemento de vehículos. Ofrece un **entorno inmersivo e interactivo** onde o alumnado pode practicar en situacións reais e complexas sen riscos.



CIFP RODOLFO UCHA PIÑEIRO (FERROL)

Tenda intelixente 4.0 e almacén robotizado para a simulación do entorno comercial

 Comercio e márketing

Espazo que **simula unha tenda intelixente e almacén robotizado**, deseñado para preparar aos futuros traballadores do sector comercio no manexo de novas tecnoloxías. A aula está dividida en dúas partes: unha zona de **almacén con sistemas automatizados** para a recepción, **catalogación e almacenaxe** de mercadorías; e unha zona de **tenda con exposición de produtos**, promocións dixitais e zona de cobro con TPV. As dúas zonas están conectadas para que o alumnado poida recoller as mercadorías do almacén e simular a súa venda na tenda.





IES FERNANDO BLANCO (CEE)

ElevAula 4.0

✂ Instalación e mantemento

Trátase dun **espazo tecnolóxico innovador destinado á formación avanzada en mantemento de elevadores** integrando a **tecnoloxía de elevadores coa fabricación aditiva**, permitindo a resolución rápida de avarías e a creación de prototipos. O alumnado aprende a fabricar pezas con **impresoras 3D** e outras ferramentas, mellorando tempos de resolución ante roturas de stock.




CONVOCATORIA 2024

Na convocatoria actual financiaranse un total de **38 espazos** por un importe total de **2.090.000 €**.

Estes espazos se relacionan con 16 familias profesionais, sendo Electricidade e electrónica, Fabricación mecánica, Instalación e mantemento, e Hostalaría e turismo as máis frecuentes.

En canto a distribución xeográfica observase a seguinte:



Dos 38 espazos financiados, 18 correspóndense con centros integrados de formación profesional e 20 con IES.

OS NOVOS ESPAZOS DE **TECNOLOXÍA APLICADA** 2024-2025



CIFP COROSO (RIBEIRA)

Aceleración Eco. Innovación en electromobilidade

Transporte e mantemento de vehículos

Este proxecto ven a dar resposta á crecente adopción das opcións de mobilidade electrificada por parte da poboación, o que fai que a demanda de profesionais formados nestas novas tecnoloxías estea en aumento.

A finalidade da transformación dunha aula-taller de automoción nunha **aula tecnolóxica centrada na electromobilidade é facilitar ferramentas motivadoras e facilitadoras** que permitan ao alumnado acadar os resultados de aprendizaxe que lles permitan afrontar a transición tecnolóxica que esta a vivir o mundo da automoción.

Dentro das tecnoloxías coas que se vai a equipar este novo espazo tecnolóxico destacan un **simulador de avarías de vehículo eléctrico, equipos de autodiagnose específicos, maquetas de simulación de vehículos híbridos e eléctricos, así como equipamento para a realización de prácticas en realidade virtual e mixta.**





CIFP FERROLTERRA (FERROL)

Aula TERA

Enerxía e auga

A aula TERA é un **espazo educativo dedicado á dixitalización e monitorización de instalacións relacionadas coas enerxías renovables e o tratamento de augas**. Ofrece aos/ás estudantes a oportunidade de interactuar tanto con instalacións reais como simuladas, permitíndolles aplicar o coñecemento teórico en contextos prácticos mediante o uso de ferramentas avanzadas para o seguimento e análise de datos en tempo real. O uso de **software especializado e plataformas de monitorización** simula escenarios reais, facilitando a experimentación con estratexias de optimización e resolución de problemas.

O deseño físico do espazo foi pensado para facilitar unha aprendizaxe interactiva e colaborativa, con distintas áreas dispostas para facilitar tanto o traballo en equipo como o individual, adaptándose ás necesidades didácticas e integrando tecnoloxía de última xeración que enriquece a experiencia educativa.





CIFP FRAGA DO EUME (PONTEDEUME)

Aula Multisensorial Polivalente

 Hostalería e turismo

O obxectivo principal deste proxecto é a **creación dun espazo tecnolóxico avanzado dedicado á análise sensorial no ámbito da cata de alimentos e bebidas**. Este novo espazo proporcionará un ambiente altamente inmersivo onde experimentar de maneira práctica e interactiva a cata e análise de produtos.

A utilización de tecnoloxías como a **realidade virtual e a realidade aumentada** permite recrear ambientes e situacións de consumo que enriquecen o aprendizaxe sensorial facendo uso de escenarios virtuais.

Ademais, esta aula permitirá o acceso a información actualizada e a posibilidade de conexión, o cal facilitará a colaboración en liña con expertos e estudantes ao redor do mundo, o que amplía a perspectiva educativa e fomenta unha aprendizaxe globalizada.



**CIFP IMAXE E SON (A CORUÑA)****Aula de radio 360 con produción multimedia inmersiva ambisónica e aumentada** Imaxe e son

Con este proxecto vaise crear unha contorna de **aprendizaxe inmersiva multimedia 3D**, no que o alumnado de diferentes familias e ciclos profesionais poidan formar unha unidade de **produción audiovisual multidisciplinar, con emisión e realización de vídeo en directo vía web en streaming** e con apoio nos sistemas de redes sociais baseadas en contornas web.

Este proxecto integrará as **últimas tecnoloxías do sector, así como realidade aumentada e realidade virtual** para ofrecer unha contorna de aprendizaxe dinámica e interactiva. Estas tecnoloxías permitirán ao alumnado experimentar con novas formas de produción e difusión de contidos, situándoos nunha posición vantaxosa dentro do sector dos medios.

O "**Espazo de Radio 360**" organízase en catro zonas interconectadas: zoa de emisión de radio inmersiva, zoa de produción e postprodución multimedia 3D, zoa de produción, reunión e debate, e zoa de experimentación de novos formatos.



CIFP LEIXA (FERROL)

Leixa saúde 4.0

 **Sanitaria**

Con este proxecto transformarase unha aula taller de enfermería nun espazo deseñado para **simular un entorno hospitalario real**, integrando o último en tecnoloxía dixital, que permita avanzar na aprendizaxe interactiva e multidisciplinar no campo da saúde.

Este novo espazo equipararase con **avanzados recursos tecnolóxicos** que inclúen novidosos sistemas de coidados de enfermaría e toma de mostras, monitores multiparamétricos, software de xestión de laboratorio e sistemas de dispensación automática de medicamentos, asegurando un aprendizaxe práctico e aplicable ao ambiente laboral actual.

Ademais, **contará con simuladores** que recrean os distintos coidados ao paciente, desde emerxencias médicas ata técnicas habituais nos coidados auxiliares de enfermaría.




**CIFP POLITÉCNICO DE SANTIAGO****Aula de automatización industrial, robótica e dixitalización do mantemento**

Fabricación mecánica, Instalación e mantemento, Madeira, cortiza e moble

Esta proposta transformará unha aula tradicional nun **espazo educativo flexible e modular** centrado na mecatrónica, un campo que integra **mecánica, electrónica e informática**, para proporcionar ao alumnado unha formación integral en procesos produtivos automatizados, esenciais na industria moderna.

Equipada con **tecnoloxías** punteiras como **pneumática, electro-neumática, robótica, e sistemas de control mediante PLCs**, a aula facilita tanto o aprendizaxe en automatización como en mantemento de sistemas avanzados. A dixitalización destas áreas permite interactuar con escenarios reais de traballo, reforzando a capacidade dos/as estudantes de aplicar teoría en prácticas avanzadas. Adicionalmente, ferramentas como realidade aumentada e virtual incrementan a interactividade e a profundidade do aprendizaxe.





CIFP RODOLFO UCHA PIÑEIRO (FERROL)

Espazo de investigación e innovación de edificación (EiiE)

Edificación e obra civil

A aula EiiE é un **espazo deseñado para que o alumnado aprenda e experimente coas tecnoloxías máis recentes no levantamento, modelado e representación de proxectos de edificación e obra civil.**

Equiparase con **ordenadores potentes, paneis interactivos, tabletas dixitais e lentes de realidade virtual, permitindo unha experiencia de aprendizaxe avanzada e inmersiva.** O uso de metodoloxías BIM, escaneado por nube de puntos e impresión 3D facilitará o traballo colaborativo e a adaptación ás demandas do mercado laboral, asegurando que o alumnado estea preparado para os desafíos actuais e futuros da industria.

Ademais, o emprego de tabletas equipadas con escáner LiDAR permitirá realizar levantamentos tridimensionais de espazos interiores con gran precisión a un prezo competitivo, mentres que a renovación de instrumentos topográficos asegurará un modelo dixital do terreo (MDT) de alta calidade para espazos exteriores.





CIFP UNIVERSIDADE LABORAL (A CORUÑA)

Aula inmersiva VR e de aplicacións AI



Electricidad e electrónica

Este **innovador espazo** está deseñado para impartir as ensinanzas en áreas como a **instalación e mantemento de sistemas conectados a Internet, robótica colaborativa, fabricación intelixente, e modelado da Información da Construción.**

O espazo propónse como un centro de aprendizaxe aberto e flexible, que fomenta un ambiente de traballo colaborativo e interdisciplinario, facilitando as sinerxías entre estudantes de diferentes familias profesionais. A modificación na distribución do espazo facilitará o uso de metodoloxías didácticas baseadas en proxectos que alentan a aplicación práctica de coñecementos en retos directamente vinculados a sectores produtivos. A incorporación de **recursos avanzados como simuladores e xemellos dixitais**, facilitará a unión da teoría e a práctica de maneira fluída e integrada.





IES AS MARIÑAS (BETANZOS)

Aula automatizada con control virtual, Scada e realidade aumentada



Electricidade e electrónica

Mediante este proxecto vaise a crear un espazo no cal se van a fusionar a aprendizaxe teórica e práctica da automatización, mediante **sistemas de control virtual building con Scada e realidade aumentada**, que sirvan para realizar simulacións e xestión de datos da produción paneis solares fotovoltaicos e eficiencia enerxética con iluminación KNX Dali.

O obxectivo desta actuación é dispor dunha **instalación de automatización industrial destinada á simulación, o control e o mantemento de procesos industriais**, e que tamén posibilate a xestión remota de instalacións domóticas baixo distintas tecnoloxías, como poder ser KNX, e o manexo de datos obtidos de instalacións de enerxías renovables.





IES DA POBRA DO CARAMIÑAL

Espazo tecnolóxico integrado para os coidados auxiliares de enfermaría

Sanitaria

Este proxecto busca implantar un espazo dinámico para a formación dos futuros técnicos en coidados auxiliares de enfermaría. A transformación dunha aula tradicional nun **espazo que permitirá recrear as diferentes áreas que se poden atopar nun hospital**, de maneira escalable, adaptándose ás necesidades educativas específicas, permitirá que o alumnado aprenda nunha contorna asimilable a un escenario de traballo real.

O deseño inclúe **zonas de hospitalización, unidade de coidados intensivos (UCI), esterilización, presentación e videoconferencia, colaboración, audiovisual e realidade virtual**. Cada área está equipada con tecnoloxía de vangarda para simular escenarios realistas, favorecendo a aprendizaxe práctica e colaborativa.

O proxecto incorpora un enfoque de educación mixta combinando elementos virtuais e físicos para unha formación integral.





IES EDUARDO PONDAL (PONTECESO)

Aula tecnolóxica para a calibración e aliñación de vehículos

 **Transporte e mantemento de vehículos**

A posta en marcha deste proxecto educativo proporcionará un **entorno de aprendizaxe integral no sector da automoción**, permitindo ao alumnado adquirir competencias avanzadas en tecnoloxías de axuda á conducción (ADAS).

Este espazo **simulará os procesos produtivos reais das empresas, incluíndo a diagnose, calibración, regulación e reparación de sistemas como sensores, cámaras, radares e lidar**. Ademais, permitirá a práctica completa dos procesos de aliñamento de sistemas de dirección e transmisión, así como a xestión de información e a recepción e entrega de vehículos.

A creación desta aula proporcionará unha formación moderna e relevante, reflectindo as mellores prácticas do sector. Fomentará a innovación e a colaboración entre institucións educativas e empresas, desenvolvendo competencias esenciais para os futuros profesionais. Así, contribuirá ao avance tecnolóxico e á competitividade do sector da automoción.



IES MONTE NEME (CARBALLO)

OnDaS IoT LAB



Electricidade e electrónica

O "OnDaS IoT LAB" é un **espazo innovador dedicado a simular as novas contornas laborais da dixitalización e o sector primario. Equipado con tecnoloxías dixitais avanzadas, como Internet das Cousas (IoT), robótica colaborativa e intelixencia artificial**, busca mellorar a eficiencia agrícola e forestal, reducir o impacto ambiental e protexer a biodiversidade.

Este espazo facilitará o desenvolvemento de proxectos innovadores, respondendo ás necesidades detectadas no sector e na comarca. As actividades adaptaranse ao alumnado, proporcionando experiencias prácticas similares ás do sector produtivo e promovendo a experimentación.

O "OnDaS IoT LAB" aspira a ser un viveiro de aprendizaxe e innovación, aplicando solucións tecnolóxicas que equilibren a produción agraria coa conservación dos ecosistemas, en resposta aos desafíos presentes e futuros.





IES PLURILINGÜE CASTRO DA UZ
(AS PONTES)

Aula tecnolóxica de simulación aumentada na FP



Fabricación mecánica

Este espazo está especialmente deseñado para ofrecer un **ambiente avanzado de aprendizaxe para o alumnado do ciclos das familias profesionais de Fabricación mecánica, Instalación e mantemento e Transporte e mantemento de vehículos**. Un dos elementos destacados é o **simulador de soldadura**, que permite aos/ás estudantes practicar técnicas de soldadura de forma virtual e precisa, replicando condicións e escenarios laborais realistas. Este simulador non só facilita unha aprendizaxe práctica e segura, senón que tamén reduce o consumo de materiais e custos asociados á formación tradicional.

O obxectivo principal é asegurar que o alumnado non só adquira coñecementos teóricos sólidos, senón tamén desenvolvan competencias prácticas e transversais como a adaptabilidade, a resolución de problemas e a innovación. A aula pretende ser unha plataforma na que os/as estudantes poidan explorar, experimentar e prepararse para unha carreira exitosa no sector industrial.





IES URBANO LUGRÍS (A CORUÑA)

Aula de sites 5G



Electricidade e electrónica

O espazo de tecnoloxía apicada que se creará no IES Urbano Lugrís suporá un **cambio de paradigma na abordaxe da ensinanza de redes 5G, radiocomunicacións e produción audiovisual**. A creación deste espazo, que disporá da **última tecnoloxía en telecomunicacións e de equipamento punteiro de produción e postprodución audiovisual**, permitirá o desenvolvemento dunha metodoloxía de traballo por proxectos, como poden ser a instalación e mantemento de redes multimarca de telefonía móbil, o streaming 5G, a medición de campo do espectro de emisión das antenas de telefonía, ou mesmo a creación dun xemelgo dixital de estación base de telefonía móbil 5G.





CIFP AS MERCEDES (LUGO)

**Conversión de aula eléctrica tradicional en aula
tecnológica de control e simulación industrial**

✂ Instalación e mantemento

Este proxecto permitirá converter unha aula-taller tradicional nunha **aula tecnológica de control e simulación industrial** que integre os avances tecnolóxicos actuais presentes na industria. Este novo espazo **permitirá realizar a programación, control, simulación e dixitalización de procesos de fabricación industrial**, dotando ao alumnado das ferramentas necesarias para manexar tecnoloxías de automatización avanzadas.

O espazo estará equipado con un **sistema de montaxe flexible automatizada FAS-200**, composto por módulos funcionais que integran tecnoloxías claves da Industria 4.0 como pneumática, electroneumática, **sensores, motores eléctricos, electricidade, PLCs** (Controladores Lóxicos Programables), **comunicacións industriais, Pantallas HMI** (Interfaces Home-Máquina) e **dispositivos intelixentes IO Link**.

O curso de especialización vinculado a esta aula, "Dixitalización do Mantemento Industrial", beneficiarase directamente dos novos recursos, xa que permitirá ao alumnado realizar ensaios con equipos de control de automatización modernos. Ademais, a aula servirá a múltiples cualificacións dentro da familia profesional de Instalación e Mantemento, proporcionando formación esencial sobre sistemas eléctricos e electrónicos, montaxe e mantemento de equipamentos e máquinas, e diagnóstico de avarías.



CIFP POLITÉCNICO DE LUGO


Aula tecnolóxica de dixitalización escaneado e fabricación aditiva (Proxecto AT DIESFA)

Informática e comunicacións

O proxecto transformará unha aula tradicional nun novo espazo tecnolóxico mediante a incorporación de tecnoloxías avanzadas que permitan a **dixitalización** e a **fabricación aditiva**.

A aula será equipada con **impresoras 3D**, tanto de filamento como de resina, e **tecnoloxía de escaneado tridimensional**, xunto con **software específico** para maximizar o uso destes equipos. Ademais, incorporárase unha máquina de medición por coordenadas para complementar as capacidades de verificación e control de calidade dos produtos fabricados. Este espazo non só beneficiará ao alumnado de fabricación mecánica, senón tamén a outras áreas como saúde e edificación, apoiando unha ampla gama de disciplinas profesionais e técnicas dentro do centro.

Esta iniciativa busca mellorar a formación práctica dos/as estudantes adaptando a educación ás demandas tecnolóxicas actuais e futuras do mercado laboral, facilitando a transición do alumnado ás realidades do traballo industrial e tecnolóxico.



**IES A PINGUELA (MONFORTE)****Techno Shoemakers** **Téxtil, confección e pel**

A posta en marcha deste espazo tecnolóxico permitirá unha evolución no ensino das técnicas de elaboración de calzado, ofrecendo un **entorno de aprendizaxe integral onde o alumnado poderá desenvolver competencias esenciais en técnicas, tanto tradicionais como avanzadas, de fabricación de calzado.**

A introdución de equipos de última xeración, como unha **máquina de empalmillar cerco** ou unha **máquina de puntear solas** de última xeración, permitirá ao alumnado familiarizarse coas técnicas mais novidosas empregadas na industria do calzado.

Este espazo educativo non só facilitará a práctica en condicións reais de fabricación, senón que tamén integrará o proceso completo de elaboración do calzado, cos mais altos niveis de precisión e eficiencia.

Así, este proxecto mellorará significativamente a cualificación profesional do alumnado, impulsará a innovación no sector do calzado e contribuirá ao desenvolvemento económico, creando un impacto positivo e sostible na comunidade.



IES DE FOZ

Aula tecnolóxica do torrado do café

Hostalería e turismo

Este proxecto transformará un espazo en desuso do centro nun **espazo que recree un tostadeiro de café similar o que dispoñen as empresas do sector**. Este novo espazo engade un compoñente práctico á formación profesional do alumnado, permitíndolles participar na **creación do café dende o inicio do proceso, coa clasificación do gran, pasando polo proceso de tostado, analizando tódolos factores que inflúen nun correcto tostado**. A adquisición destes coñecementos por parte do alumnado poderán ser o xermolo para a creación de empresas ou para a busca de emprego no sector do café.





IES ENRIQUE MURUAIS (A PONTENOVA)

Aula tecnolóxica "O Regazal"



Fabricación mecánica

Este novo espazo tecnolóxico suporá a reforma dunha aula tradicional, **optimizando o espazo para actividades de deseño, produción e experimentación no ámbito da metalurxia.**

A aula estará dotada con equipamento especializado como **durómetros, rugosímetros, equipos para ensaios non destrutivos en soldadura, sistemas CAD-CAM, e equipos de fabricación aditiva de diferentes tipos.** Estas ferramentas permitirán realizar traballos prácticos avanzados e fomentarán a aprendizaxe competencial.

Este proxecto ten como finalidade responder ás demandas actuais do sector produtivo, mellorando a formación práctica do alumnado de Formación Profesional, e promovendo a integración das mais innovadoras tecnoloxías empregadas no sector produtivo.





IES PERDOURO (BURELA)

DixitAula. Operacións e intervencións de alta tecnoloxía

✂ Instalación e mantemento

Este novo espazo está deseñado para **simular un ambiente produtivo real**, o que permite que ao alumnado non só comprender a teoría, senón que tamén experimentar a súa aplicación directa.

A nova distribución do espazo e adquisición de **equipamento de última xeración, como cámaras termográficas, analizadores de vibración, sistemas avanzados de asistencia ao mantemento, escáneres 3D e sistemas de fabricación aditiva**, enriquecerá a formación do alumnado. Este equipamento avanzado permitirá aos alumnos realizar tarefas de mantemento efectivas nos procesos produtivos, identificar problemas de produción e aplicar tecnoloxías modernas de control e mantemento que cumpran cos máis altos estándares de calidade e seguridade.





**IES PLURILINGÜE SAN ROSENDO
(MONDOÑEDO)**

Espazo de produción tecnificado



Agraria

Con esta iniciativa vaise a crear un **laboratorio de biotecnoloxía**, centrado na mellora da produción agrícola e na investigación de pragas e enfermidades, que integrará tecnoloxía de vangarda.

Este novo espazo permitirá ao alumnado formarse en **técnicas avanzadas como o cultivo in-vitro de plantas en ambientes controlados, a produción de micelios, e a investigación de pragas e enfermidades**. Tamén facilitará o aprendizaxe sobre a extracción e procesamento de subprodutos agrícolas e forestais, con aplicacións variadas desde o comestible ata o cosmético.

Adicionalmente, o laboratorio fomentará o traballo interdisciplinar, conectando diversas áreas de estudo para unha formación integrada e aplicada a este sector produtivo.






**CIFP A CARBALLEIRA – MARCOS VALCARCEL
(OURENSE)**

Espazo tecnolóxico de intelixencia artificial e realidade estendida

 **Informática e comunicacións**

Baixo este proxecto se creará unha **aula avanzada que integrará as últimas tecnoloxías en intelixencia artificial e realidade estendida**, dúas áreas tecnolóxicas clave que están reformulando sectores produtivos mediante o procesamento avanzado de datos e a creación de escenarios mixtos que reducen custos e melloran a eficiencia.

A aula, que acollerá os cursos de especialización en desenvolvemento de videoxogos e realidade virtual, así como en intelixencia artificial e big data, transformárase para proporcionar unha aprendizaxe máis interactiva e colaborativa, incorporando ferramentas dixitais que simulen contornas laborais reais, facilitando así unha formación máis aliñada coas dinámicas do mercado de traballo.





CIFP A FARIXA (OURENSE)

Escenario Virtual Multiple

 Imaxe e son

Este proxecto transformará un salón de actos obsoleto nun **espazo de usos múltiples con capacidade para desenvolver nel proxectos de escenarios virtuais para audiovisuais e espectáculos.**

Este espazo pretende ser un centro de innovación pedagóxica que incluírá **tecnoloxías avanzadas para a produción de contidos audiovisuais, incluíndo técnicas como videomapping e animación visual en vivo.**

Ademais, este novo espazo de tecnoloxía, permitirá simular situacións profesionais reais do entorno de traballo, coas que se poden atopar cando se integren no tecido produtivo, e fará que o alumnado se familiarice coas últimas tecnoloxías presentes no eido audiovisual.

A proposta promove a colaboración entre diversas disciplinas, permitindo ao alumnado de Imaxe e Son, así como a outras áreas, participar en proxectos intermodulares e interciclos.





CIFP DE VILAMARÍN

Aula Labintec Laboratorio de investigación tecnolóxica



Hostalería e turismo

Esta iniciativa transformará un espazo en desuso nun novo **espazo de traballo colaborativo e innovación**.

Este novo espazo distribuirase en zonas diferenciadas, cada unha cunha orientación concreta. Unha **zona de laboratorio**, que permitirá ao alumnado introducirse na investigación e desenvolvemento de novos produtos alimentarios, e que contará con equipamento de vangarda. A **zona de traballo colaborativo** na cal se disporá de diversa tecnoloxía, como unha cámara de streaming ou unha pantalla interactiva, para facilitar que o alumnado traballe en equipo, ademais da organización de traballos por proxectos. A **zona de realidade virtual e aumentada**, na cal o alumnado poderá aprender a través de simulacións sobre a contorna de traballo real, dunha maneira interactiva e sen riscos.





IES LAURO OLMO (O BARCO)

Aula Tech para peiteado

Imaxe persoal

Este proxecto transformará unha aula-taller tradicional de peiteado nun **espazo innovador onde se integrarán as novas tecnoloxías nas prácticas diarias de peiteado e estética**. O obxectivo é adaptar as competencias do alumnado ás demandas actuais do mercado, empregando ferramentas de comunicación avanzada e marketing dixital.

O proxecto contempla a adquisición de equipamento avanzado como **gafas de realidade inmersiva** e **sistemas audiovisuais de alta resolución**, xunto con software especializado para mellorar a formación práctica do alumnado.

O espazo dividirase en áreas especializadas para aprendizaxe dixital, produción de contidos web e asesoramento con realidade virtual. Este enfoque non só mellorará a cualificación do alumnado mediante prácticas interactivas e seguras, senón tamén fomentará a colaboración intercentros e coas empresas do sector.





IES SAN MAMEDE (MACEDA)

Lab_Tech de programación multiplataforma



Informática e comunicacións

Este espazo **prioriza varias tecnoloxías clave para o desenvolvemento do alumnado na familia profesional de Informática e comunicacións.**

Ademais de ofrecer un entorno adaptado para a aprendizaxe en realidade virtual, aumentada e mixta, o proxecto tamén se centra en capacitar ao alumnado para programar aplicacións multiplataforma. Estes inclúen **sistemas Windows e dispositivos Apple como Mac e MacBook Pro, así como dispositivos móbiles tanto Android como iOS para iPhone e iPad.** Ademais, os/as estudantes aprenderán a **deseñar e imprimir en 3D** elementos diversos mediante impresoras 3D, así como a montar e programar drones. Outra faceta destacada é o deseño e implementación de elementos en 3D utilizando cortadoras de gravado láser.

Estas habilidades non só promoven competencias avanzadas en programación e deseño, senón tamén a aplicación práctica destas habilidades en sectores tecnolóxicos e de manufactura.





IES UNIVERSIDADE LABORAL (OURENSE)


Espazo de Tecnoloxía Aplicada no IES Universidade Laboral



Instalación e mantemento

O resultado deste proxecto será un espazo deseñado para **adaptarse ás necesidades da aprendizaxe colaborativa, proporcionando espazos diferenciados que impulsen a creatividade, a interacción e o intercambio de coñecementos** dentro da comunidade educativa.

O espazo contará cunha zona dedicada ao fomento da creatividade, dotada de mobiliario que facilite o traballo colaborativo; un **laboratorio de creación, equipado con tecnoloxías de última xeración para escaneado, impresión 3D, corte CNC e gravado láser**; unha **área de metaverso**, dedicada á experimentación en contornas de realidade inmersiva; e un **espazo de comunicación** que integrará cámaras de alta resolución e un sistema de son de alta fidelidade, permitindo a gravación, difusión e reprodución de contidos de alta calidade.





CIFP A XUNQUEIRA (PONTEVEDRA)

Aula tecnolóxica para a simulación de procesos produtivos na industria da madeira



Madeira, moble e cortiza

A espazo de tecnoloxía aplicada que se vai a construír con esta iniciativa está deseñado para proporcionar unha experiencia educativa que **mimetiza diversos procesos da industria da madeira mediante o uso da tecnoloxía**. O obxectivo principal é permitir ao alumnado interactuar con escenarios simulados para optimizar a toma de decisións en diferentes situacións laborais reais.

A aula incluírá **simuladores avanzados** que permiten ao alumnado acercarse a procesos como o serrado ou o mecanizado. Estes simuladores non só permiten practicar sen riscos, senón que tamén ofrecen unha oportunidade para que o alumnado aprenda sen a necesidade de materiais físicos costosos.

Ademais, este espazo tamén estará equipado con un **equipo de fresado de sobremesa CNC e un robot**, ferramentas cada vez máis comúns nos ámbitos produtivos actuais.





CIFP AUDIOVISUAL DE VIGO


A aula inmersiva da EAV, ensinando cos tempos

Imaxe e son

Este proxecto permitirá adecuar os espazos formativos do centro para adecualos aos estándares actuais da industria audiovisual.

O actual **teatro do centro será mellorado e actualizado para engadirle a funcionalidade de estudo de postproducción 4KHDR@Atmos**, incluíndo algunhas das tecnoloxías mais punteiras dentro do eido audiovisual. Neste senso un dos elementos destacados e a adquisición dun **proxectos DLP-Láser de alta luminosidade**, e a actualización do **sistema de audio** para convertelo nun sistema inmersivo con licencia **Atmos** pertinente.

Estas tecnoloxías permitirán ao alumnado experimentar e aprender nun ambiente que simula realidades profesionais do sector audiovisual.



**CIFP FONTECARMOA (VILAGARCÍA)**

Simulación de tenda e RV para os ciclos de comercio

Comercio e márketing

A creación deste novo espazo busca transformar o concepto de aula tradicional nun espazo polivalente deseñado para **simular ambientes laborais reais baseados en comercios locais**, ofrecendo ao alumnado unha experiencia práctica e interactiva, que integre as tecnoloxías dixitais empregadas no pequeno comercio.

O espazo estará equipado con elementos tecnolóxicos avanzados, como **caixas rexistradoras táctiles, TPV avanzados, lectores de códigos, escaparates domóticos e sistemas de almacenaxe con xestión informática**. Ademais, integrará elementos de realidade mixta, permitindo aos/ás estudantes mergullarse nun ambiente virtual onde poderán interactuar con clientes, xestionar inventarios e experimentar diversas situacións comerciais como se estivesen realmente nunha tenda ou almacén. Esta tecnoloxía ofrecerá unha experiencia imersiva e interactiva que enriquecerá a formación do alumnado e lle permitirá aplicar os seus coñecementos nun contexto moi semellante ao que atoparán no mundo laboral.





CIFP MANUEL ANTONIO (VIGO)

Hotel Lab 5.0: centro de innovación hoteleira

 Hostalería e turismo

Con esta iniciativa transformarase unha aula tradicional nunha aula tecnolóxica que simula un **entorno hoteleiro real**. Este espazo incluírá tecnoloxías avanzadas como **sistemas robóticos, Internet das Cousas, e análise de grandes volumes de datos para optimizar os procesos produtivos na industria hoteleira**. A aula permitirá ao alumnado practicar e familiarizarse con ferramentas e procedementos actualizados que están a ser implantados nos hoteis modernos, aumentando así a súa empregabilidade e competencia profesional.

O proxecto facilita un espazo onde os/as estudantes poden experimentar con novas ideas e solucións tecnolóxicas que poderían ser implementadas no sector hoteleiro. Esta aproximación non só enriquece a súa formación práctica senón que tamén abre portas para futuras iniciativas empresariais, que xunten as habilidades tecnolóxicas co coñecemento do sector turístico, e permitan ao alumnado liderar a adopción de novas tecnoloxías no sector.





CIFP VALENTÍN PAZ ANDRADE (VIGO)

Aula Robótica 4.0



Fabricación mecánica

Este proxecto permitirá avanzar na educación técnica mediante a creación dun espazo de simulación avanzado que integra **robótica**, **realidade aumentada**, e **impresión 3D**.

O espazo educativo que se vai a desenvolver está deseñado para **simular contornas laborais reais**, incluírá tecnoloxías de última xeración como **simuladores de realidade aumentada** para soldadura e unha **estación de soldadura simulada e robotizada**. O obxectivo é proporcionar unha formación práctica que se aproxime á realidade dos futuros postos de traballo do alumnado, integrando a formación dixital a través de metodoloxías inmersivas, preparando así aos/as estudantes para os desafíos tecnolóxicos actuais e futuros do mercado laboral.





IES DE RODEIRA (CANGAS)

Laboratorio de audio e gravación



Electricidade e electrónica

Trátase dun espazo moderno e dinámico que será fundamentalmente utilizado polo departamento de Electricidade e Electrónica, proporcionando as **ferramentas necesarias para a produción de contido audiovisual de alta calidade**. O espazo integrará un **set completo de gravación equipado con cámaras, micrófonos e iluminación, facilitando así a realización e montaxe de prácticas reais no ámbito educativo**. Esta iniciativa pretende enriquecer significativamente a experiencia de aprendizaxe tanto no ciclo medio de Instalación de Telecomunicacións como no ciclo superior de Sistemas de Telecomunicacións e Informáticos.

Ademais, permitirá mellorar a calidade tanto da Aula Virtual como da plataforma de FP a Distancia, ao fomentar a creación e edición de contidos por parte do profesorado e alumnado. Deste modo, promóvese a participación activa na creación educativa, potenciando a implicación dos/das estudantes no desenvolvemento de materiais didácticos e promovendo unha aprendizaxe máis interactiva e participativa.





IES FREI MARTÍN SARMIENTO (PONTEVEDRA)

Aula CAD-CAM 4.0



Fabricación mecánica

A posta en marcha dun **espazo de formación en deseño e posprocesado de pezas de fabricación mecánica, simulando unha oficina técnica dixitalizada**, representa unha iniciativa de gran valor para o ámbito educativo e industrial. Este proxecto ten como obxectivo crear unha contorna de aprendizaxe que integre as últimas **tecnoloxías en deseño asistido por ordenador (CAD), fabricación asistida por ordenador (CAM) e conexión directa con máquinas de control numérico (CNC)**. A conexión directa coas máquinas CNC permitirá a execución de programas CAM en tempo real, optimizando o fluxo de traballo e reducindo tempos de produción.

Ademais, a disposición de estacións de traballo de alto rendemento, software especializado e equipos CNC modernos asegurará que os participantes poidan practicar en condicións reais da industria.





IES PLURILINGÜE A PARALAIÁ (MOAÑA)

Aula 4.0



Electricidade e electrónica

Aula 4.0 é un **espazo deseñado para dar a coñecer, estudar, experimentar, descubrir e demostrar os aspectos avanzados da Industria 4.0, simulando contornas laborais reais**. Este espazo contará con **recursos didácticos reais e virtuais, software de simulación e ferramentas de xeración de xemelgos dixitais**. Permitirá traballar en áreas como simulación e xemelgos dixitais, fabricación aditiva, Industrial IoT (IIoT), inmótica e domótica KNX, pneumática e hidráulica, ciberseguridade e automatización e regulación industrial.

Unha das características destacadas do Aula 4.0 é a capacidade de acceso remoto, permitindo ao alumnado interactuar cos equipos e procesos desde calquera ubicación mediante escritorios remotos e webcams, facilitando así a realización de prácticas e montaxes a modo de laboratorio remoto. Ademais, ofrecerá un entorno colaborativo onde os/as estudantes poderán traballar en proxectos conxuntos, mellorando a súa formación práctica e teórica.





IES PLURILINGÜE DE VALGA

Espazo multifuncional de robótica aplicada a soldadura, ensaios, automatismos e impresión 3D

Fabricación mecánica

Este proxecto transformará un laboratorio de fabricación mecánica nunha **aula avanzada deseñada para albergar diversas actividades educativas e prácticas con tecnoloxía de vangarda**, o que permitirá preparar ao alumnado para as demandas técnicas da industria moderna.

A proposta inclúe a instalación dun **Cobot** equipado con **simulador de soldadura robótica** que pode executar distintos tipos de soldaduras sen os riscos asociados aos procesos tradicionais, facendo da aula un espazo moito mais seguro.

A aula tamén contará con zonas dedicadas á **impresión 3D e ensaios de metroloxía**, e incorporará **tecnoloxía de realidade virtual** para permitir simulacións inmersivas e seguras de soldadura.





IES POLITÉCNICO DE VIGO

Aula colaborativa intelixente

✂ Instalación e mantemento

Este proxecto transformará unha aula tradicional nun espazo avanzado de tecnoloxía aplicada 4.0. Esta transformación inclúe a **reorganización do espazo** para facelo máis adaptable e funcional, a **inclusión de mobiliario colaborativo** permitira a súa rápida configuración tanto para actividades teóricas ou prácticas.

O espazo incorporará tecnoloxías de última xeración, incluíndo **dous robots industriais** e varias **maquetas pneumáticas e eléctricas**, que facilitarán a instrución en áreas como a automatización industrial e a mecatrónica. Estas adicións serán especialmente beneficiosas para os cursos de especialización en Fabricación Intelixente e Robótica colaborativa. Ademais, a tecnoloxía de Realidade Aumentada e Mixta tamén se implementará para enriquecer a experiencia educativa, proporcionando ao alumnado prácticas en liña coas esixencias e os estándares da industria actual.





IES RIBEIRA DO LOURO (O PORRIÑO)

Aula-obradoiro polivalente intelixente orientado á pedra natural

Industrias extractivas

O desenvolvemento deste proxecto transformará o taller de pedra natural do centro, nun espazo de traballo moderno, dotado de **sistemas de traballo de última xeración presentes nas industrias de transformación de pedra na actualidade**. Estes novos sistemas xuntan unha maior eficiencia e precisión con unha mellor protección das persoas traballadoras, especialmente no que se refire ao po de sílice cristalina.

O espazo contará con sensórica e un **sistema domótico KNX**, o que permitirá a recollida de datos e a adecuación do ambiente da aula para garantir as mellores condicións de traballo, tanto para o alumnado como para o profesorado.



DATOS GLOBAIS

80
ESPAZOS

21
FAMILIAS
PROFESIONAIS

4,4M
EUROS



1 ACTIVIDADES FÍSICAS
E DEPORTIVAS



4 AGRARIA



2 ARTES GRÁFICAS



3 COMERCIO E
MARKETING



10 ELECTRICIDADE E
ELECTRÓNICA



3 ENERXIA E AUGA



2 EDIFICACIÓN E
OBRA CIVIL



9 FABRICATION
MECÁNICA



8 HOSTALARÍA E
TURISMO



1 INDUSTRIAS
EXTRACTIVAS



2 INFORMÁTICA E
COMUNICACIONES



8 INSTALACIÓN E
MANTEMENTO



2 IMAXE PERSOAL



5 IMAXE E SON



2 INDUSTRIAS
ALIMENTARIAS



1 MADEIRA, MOBLE
E CORTIZA



3 QUÍMICA



5 SANIDADE



1 SERVIZOS SOCIOCULTURAI
E Á COMUNIDADE



2 TÉXTIL, CONFECIÓN
E PEL



6 TRANSPORTE E
MANTEMENTO DE
VEHÍCULOS



XUNTA
DE GALICIA